



LUNS, 13 DE XUÑO DE 2022

◀ **ATRÁS** (INDEX.PHP) · ACTUALIDADE (MAIS-NOTICIAS.PHP) · A
GUÍA DE ECO (GUIA.PHP) · SUBSCRICIÓN (SUSCRIPCION.PHP) ·
CONTACTO (CONTACTO.PHP)

Un "personal shopper" inmobiliario podería reducir entre un 5-20% o prezo de saída dos inmobles

✍ ESTHER GARRIDO · 🕒 PUBLICADO O 13 DE XUÑO DE 2022 · 💬 (0)

A **Asociación Española de Personal Shopper Inmobiliario** defende o seu papel: “en ocasións as inmobiliarias tradicionais móstranse reticentes ante as nosas demandas porque vennos como competencia directa, cando realmente somos unha ferramenta para as axencias”. Dende Vigo, **Natalia Rodríguez** (*Galicia en venta*, na imaxe) é unhas das primeiras de Galicia en ofrecer este servizo.

Esta figura -de relativa recente implantación en España- cada vez segue adquirindo máis presenza xa que céntrase **nos intereses da parte compradora**. Un Asesor Inmobiliario, pola contra, traballa tanto para o comprador como para o vendedor.



O PSI reduciría un 85% o número de visitas necesarias debido aos seus coñecementos sobre o mercado, evitando desprazamentos innecesarios ao investidor. [Iñaki Unsain](https://inakiunsain.com/), presidente da AEPSI, explica que por iso, entre outros factores, “contar con estes servizos reduce entre o 5-20% os prezos de saída dos inmobles. Ademais **somos os primeiros en coñecer os novos activos inmobiliarios que saen ao mercado**”.

Pero malia ser un profesional que cada vez cobra máis forzs segue sendo descoñecido, mesmo para os que traballan no sector, como as axencias inmobiliarias. Así o **alerta Montse Moreno**, vicepresidente da asociación, que insiste en que o *personal shopper* inmobiliario non é unha ameaza, senón unha ferramenta para as axencias. “Implementar os nosos servizos permítelles diferenciarse da competencia e achega un comprador cualificado que traballa en exclusiva cun PSI e que, á súa vez, quere comprar nun prazo curto de tempo”. En Vigo, [Galicia en Venta é unha das primeiras empresas en ofrecer estes servizos](https://galiciaenventa.com/) (<https://galiciaenventa.com/>), detrás da cal está Natalia Rodríguez.